

NICOLÁS VAI Á BIBLIOTECA

Texto da ASOCIACIÓN BATA

Ilustracións de ALICIA SUÁREZ

Tradución de IAGO NICOLÁS

Encadernado en cartón. 26 x 22 cm. 36 páx. 16 €

Nicolás vai á biblioteca (galego)

ISBN 978-84-1343-113-0. Álbum ilustrado. De fácil lectura. Makakiños.

Nicolás va a la biblioteca (castelán)

ISBN 978-84-8464-331-9. Álbum ilustrado. De fácil lectura. Makakiños.

Nicolás vai á biblioteca. Nicolás quere coller libros en préstamo e algunha película. Nicolás entra e saída.

Nicolás di: —Boa tarde, bibliotecaria!

A bibliotecaria di: —Boa tarde, Nicolás!

A Nicolás gústalle moito ir á biblioteca. Alí Nicolás pode buscar información no ordenador...

Día a día é unha liña complementaria da colección *Makakiños* *De fácil lectura*, creada para achegar a lectura a persoas no espectro do autismo. Tras «Nicolás cociña sen lume», chega «Nicolás vai á biblioteca», creado a partir dunha idea de Antonio Zorrilla Salgado, bibliotecario de Vélez-Málaga. Este libro amosa que funcións cumpren as bibliotecas, non só como espazos para ler ou levar libros e películas en préstamo, senón tamén para consultar prensa, buscar información en Internet, participar en sesións de animación á lectura ou visitar as exposicións que se instalan nas súas salas. Ademais, detalla que tipos de libros hai a disposición do público —informativos, científicos, ficción, historia...— e como funciona este servizo: o uso do carnet bibliotecario, o rexistro do material prestado e o deber de devolvelo no tempo determinado.

Os textos adaptáronse ao sistema de pictogramas SPC, baseado en debuxos e cores. As ilustracións de Alicia Suárez destacan polo seu carácter descritivo, o seu colorido alegre e reforzan a dimensión lúdica da visita do protagonista a unha biblioteca inclusiva. Son imaxes perfectamente asociadas ao texto, claras, expresivas, e nas que se aprecian ata os máis pequenos detalles para axudar a que se entendan ben.

Makakiños é unha iniciativa pioneira de KALANDRAKA e da Asociación BATA —que atende a persoas con trastornos do espectro autista e ás súas familias— para superar barreiras de comunicación: libros “de fácil lectura” que buscan maior concreción e comprensión a nivel escrito e visual. A colección xa conta con adaptacións dos relatos tradicionais «O coelliño branco», «Chibos chibóns», «A ratiña presumida» e «A verdadeira historia de Carapuchiña».




DE FÁCIL LECTURA

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com

Bata

bata@autismobata.com



■ **Temática:** biblioteca inclusiva

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** préstamo de libros, prensa e películas, actividades de animación á lectura, busca de información; distintos tipos de libros; autonomía persoal, bibliotecas inclusivas, pictogramas; outros títulos da colección: «Nicolás cociña sen lume», «Nicolás va al médico», «Nicolás va de compras», «O coelliño branco», «Chibos chibóns», «A ratiña presumida», «A verdadeira historia de Carapuchiña Vermella», «El patito feo», «¿A que sabe la luna?».

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/nicolas-vai-a-biblioteca-g-bata-alicia-suarez>

■ **En Kalandraka TV:**

<https://kalandraka.tv/gl/videos/bata-30-anos-imaginando-futuros/>

BATA

Mellorar a calidade de vida das persoas no espectro do autismo e das súas familias é o obxectivo de Autismo BATA, unha asociación membro de Plena Inclusión que -dende o compromiso ético- contribúe con apoios e oportunidades a que cada persoa con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, e o seu círculo próximo, poida levar a cabo o seu proxecto de vida e promover a súa integración como cidadán ou cidadá con todos os dereitos nunha sociedade xusta e solidaria.

<http://www.autismobata.com>

Alicia Suárez

(Pontevedra, 1974)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo na especialidade de Pintura. Dende 1998 compaxina a súa faceta de ilustradora profesional co seu traballo como profesora de Ensino Secundario. Ademais de libros de literatura infantil -entre os que destacan «O galo Quirico» e a versión de «A ratiña presumida» publicados por KALANDRAKA, xunto coa serie «Cuentos del Mundo» da ONG Solidariedade Internacional- tamén ilustrou libros de texto e carteis. Participou en exposicións colectivas e foi seleccionada para a Bienal de Bratislava 2005.

https://www.instagram.com/alicia_suarez_ilustracion

